



Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o rei

Palacio Real de Madrid, 24 de decembro de 2024



Boas noites e grazas por permitirme acompañarvos uns instantes nunha noite tan especial, de encontro e celebración, que vos desexo, xunto á raíña, a princesa Leonor e a infanta Sofía, que sexa feliz e tranquila.

Esta Noiteboa gustaríame referirme primeiro, e seguro que me entendedes, á terrible Dina que hai case dous meses golpeou cunha forza inusual varias zonas do leste e sur de España, especialmente en Valencia.

As persoas que perderon a vida e as desaparecidas merecen todo o noso respecto e non debemos esquecer nunca a dor e a tristura que deixaron nas súas familias. Miles de persoas viron como o que, ata había pouco, era a súa vila, o seu barrio, o seu traballo, a súa casa, o seu negocio e a súa escola quedaban reducidos a entullos ou mesmo desaparecían. Un feito difícil de asumir, pero do que todos deberíamos poder obter as ensinanzas necesarias que nos fortalezan como sociedade e nos fagan crecer.

Non debemos esquecer nunca aquelas primeiras imaxes da riada que o arrasou todo, os rescates de persoas, algunhas enfermas, anciás ou esgotadas, que trataban de saír dos seus coches ou se refuxiaban en tellados e azoteas. Tamén vimos aos que abrían as súas casas para acoller os máis vulnerables, opoñendo á forza implacable da auga e da lama a forza abraiante da solidariedade e da humanidade. Veciños, voluntarios, equipos de protección civil, bombeiros, corpos de seguridade, forzas armadas, ONG e tamén empresas que organizaron colectas e doazóns, mobilizando mesmo o seu persoal e maquinaria... A axuda e a colaboración de todos está a propiciar que, pouco a pouco, as máis de 800.000 persoas afectadas recuperen paulatinamente na súa vida certo grao de



normalidade. E que ao medio e longo prazo quede igualmente atendido para asegurar realmente a recuperación.

Esa solidariedade, no seu sentido máis puro e máis apegado ao concreto, recoñecémola día tras día no traballo inxente de voluntarios anónimos e de servidores públicos; e tamén comprobamos —e entendemos— a frustración, a dor, a impaciencia e as demandas dunha coordinación maior e máis eficaz das administracións. Porque todas esas emocións —as que conmoven e reconfortan, e as que doen e desconsolan— xorden dunha mesma raíz: a conciencia do ben común, a expresión do ben común, ou a esixencia do ben común.

Por enriba das eventuais diverxencias e desencontros, prevalece na sociedade española unha idea nítida do que convén, do que a todos beneficia e que, por iso, temos o interese e a responsabilidade de protexelo e reforzalo. É algo que a raíña e mais eu puidemos constatar e valorar aínda máis ao longo desta década de reinado. É responsabilidade de todas as institucións e de todas as Administracións públicas que esa noción do ben común se siga reflectindo con claridade en calquera discurso ou en calquera decisión política. O consenso sobre o esencial, non só como resultado, senón tamén como práctica constante, debe orientar sempre a esfera do público. Non para evitar a diversidade de opinións, lexítima e necesaria en democracia, senón para impedir que esa diversidade derive na negación da existencia dun espazo compartido.

É nese acordo sobre o esencial dende onde debemos abordar os asuntos que nos preocupan e que nos afectan de diferentes xeitos á nosa vida colectiva. A crecente inestabilidade internacional, o clima no que se desenvolve con frecuencia o noso debate público, as dificultades no acceso á vivenda ou a xestión da inmigración son cuestións, entre outras, que merecen a nosa atención e que tamén quero abordar esta noite.



A inmigración é un fenómeno complexo e dunha gran sensibilidade social que responde a causas diversas. Sen os movementos de poboación ao longo da historia non poderían explicarse as sociedades do presente, que son sociedades abertas e interconectadas. Sendo, polo tanto, unha realidade cotiá, as migracións poden orixinar —sen a xestión axeitada— tensións que erosionen a cohesión social.

O esforzo de integración, que corresponde a todos, o respecto —tamén de todos— das leis e normas básicas de convivencia e civismo, e o recoñecemento da dignidade que todo ser humano merece son os piares que deben guiarnos á hora de tratar a inmigración. Sen esquecer nunca a firmeza que require a loita contra as redes e as mafias que trafican con persoas. O xeito para sermos quen de abordar a inmigración —que tamén precisa dunha boa coordinación cos nosos socios europeos, así como cos países de orixe e de tránsito— dirá moito no futuro sobre os nosos principios e a calidade da nosa democracia.

Outro asunto que preocupa, sobre todo aos máis novos, é a dificultade para acceder a unha vivenda. As cidades, en especial as grandes urbes, actúan como polos de crecemento e xeran unha demanda que a oferta non logra satisfacer. É importante, de novo, que todos os actores implicados reflexionen, se escoiten uns aos outros, que examinen as distintas opcións e que ese diálogo conduza a solucións que faciliten o acceso á vivenda en condicións asumibles, en especial para a xente máis nova e a máis desprotexida, pois esta é a base para a seguridade e o benestar de tantos proxectos de vida. E realmente podemos facelo.

A nosa vida vese afectada tamén por un escenario exterior cada vez máis complexo e cambiante, e mesmo convulso. Vemos como con



demasiada frecuencia se cuestiona o dereito internacional, se recorre á violencia, se nega a universalidade dos dereitos humanos ou se pon en dúbida o multilateralismo para afrontar os desafíos globais do noso tempo, como son as crises climáticas e medioambientais, as pandemias, a transición enerxética ou o comercio e a escaseza dos recursos naturais. Vemos, tamén, como se chega mesmo a discutir a propia validez da democracia como sistema de goberno.

Neste contexto, España e os demais Estados membros da Unión Europea, debemos seguir defendendo con convicción e con firmeza, xunto cos nosos socios internacionais, as bases da democracia liberal, da defensa dos dereitos humanos e das conquistas en benestar social sobre as que se asenta o noso gran proxecto político. Porque Europa —a idea de Europa— é unha parte esencial da nosa identidade compartida, do legado que debemos ás xeracións vindeiras. Nun mundo necesitado de actores fortes e unidos, pero sobre todo de condutas inspiradas en principios e valores, Europa segue sendo a nosa referencia máis valiosa.

E de mirarmos cara a dentro, a nosa gran referencia en España é a Constitución de 1978, a súa letra e o seu espírito. O acordo no esencial foi o principio fundamental que a inspirou. Traballar polo ben común é preservar precisamente o gran pacto de convivencia no que se afirma a nosa democracia e se consagran os nosos dereitos e liberdades, piares do noso Estado social e democrático de dereito. Malia o tempo transcorrido, a concordia da que foi froito segue a ser o noso grande alicerce. Cultivar ese espírito de consenso é preciso para fortalecer as nosas institucións e para manter nelas a confianza de toda a sociedade.

Un pacto de convivencia protéxese dialogando; ese diálogo, con altura e xenerosidade, que debe nutrir sempre a definición da vontade común e a acción do Estado. Por iso, cómpre que a contenda política, lexítima pero en ocasións atronadora, non impida escoitar unha demanda



aínda máis clamorosa: a demanda de serenidade. Serenidade na esfera pública e na vida diaria para afrontar os proxectos colectivos ou individuais e familiares, para prosperar, para coidar e protexer a quen máis o precisa. A recente reforma do artigo 49 da Constitución, referido ás persoas con discapacidade, é un bo exemplo do que podemos acadar xuntos. E non podemos permitir que a discordia se converta nun constante ruído de fondo que impida oír o auténtico pulso da cidadanía.

Xa mo escoitarades dicir moitas veces e gustárame volver repetilo: España é un gran país. Unha Nación cunha historia portentosa, malia os seus capítulos escuros, e modélica no desenvolvemento democrático das últimas décadas, que derrotou mesmo o acoso terrorista que tantas vítimas causou. Un país cun presente que, malia o moito que nos queda por facer, por exemplo, en materia de pobreza e exclusión social, resulta prometedor ao observar o comportamento da nosa economía —en termos, entre outros, de crecemento, emprego ou exportacións— e o nivel xeral do noso benestar social. E ante o futuro, creo sinceramente que os españois temos un enorme potencial que nos debe infundir esperanza, tanto no plano nacional coma na escena internacional.

Ese futuro radica principalmente na nosa xuventude, a mesma que fixo brillar o noso nome nos xogos olímpicos e paralímpicos e na última Eurocopa, a que emprende malia as dificultades e a que está á vangarda da nosa ciencia; a xuventude que respecta os nosos maiores e a súa valiosa experiencia, a que con máis empeño esixe avances en materia de igualdade, a que se prepara nos nosos colexios, institutos, universidades e centros de formación profesional para acceder con enerxía ao mercado de traballo malia as cifras de paro xuvenil; a xuventude, en fin, que busca oportunidades e supera os obstáculos sobre a base do mérito e o esforzo.



Pero sobre todo a que nos encheu de orgullo acudindo en masa para dar o mellor de si nas rúas das vilas afectadas pola Dina.

Con este espírito de traballo e de compromiso polo que é de todos, polo ben común, remato as miñas palabras e volvo ao comezo. Volvo a todos os municipios e bisbarras afectados polas riadas, en moitos dos cales aínda queda tanto por facer, onde é tanta a necesidade dos veciños que semellan pequenos todos os esforzos, aínda que sen perder a esperanza.

Que a solidariedade que nos uniu nos momentos máis difíciles siga presente en cada xesto, en cada acción, en cada decisión. Que as axudas cheguen a todos os que o precisaren, para que poidan reconstruír o futuro polo que tanto loitaron, afrontando con coraxe e dignidade os retos dun presente ás veces implacable. Canto antes o consigamos, máis reforzaremos o noso sentido de comunidade e o noso sentimento de país. Porque a memoria do camiño percorrido, a confianza no presente e a esperanza no futuro son unha parte ineludible, acaso a máis valiosa, pero tamén a máis delicada, do noso ben común.

Que o espírito destes días de encontro e convivencia permaneza no ano novo e que teñades —deséxovolo, xunto á raíña e as nosas fillas, a princesa Leonor e a infanta Sofía— un moi Bo Nadal.

Eguberri on/Bon Nadal/Boas festas.